



## **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

### **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 22 DE XUÑO DE 2018**

#### **ASISTENTES:**

##### **Alcalde- Presidente:**

D. José Luis Oujo Pouso.

##### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Magdalena Pérez Millares

##### **Secretario:**

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as 13:30 horas do día **22 de xuño de 2018**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión extraordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

#### **1.- APROBACIÓN DE ACTAS.**

1.1.- Acta do 31 de maio de 2018.

#### **2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

2.1.- Licenza de obra. Expediente 16/2018.

2.2.- Prórroga de licenza de obra. Expediente 152/2011.

2.3.- Inicio de procedemento para declaración de caducidade de licenza urbanística.

2.4.- Comunicacóns previas de obra

#### **3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

3.1.- Trámite de audiencia en procedemento de reposición da legalidade urbanística.

#### **4.- PATRIMONIO MUNICIPAL.**

4.1.- Arquivo de procedemento de posesión indebida sobre un espazo público.

4.2.- Resolución do procedemento de investigación de oficio da titularidade dun camiño no Barrento (Caamaño).

4.3.- Resolución do procedemento de investigación de oficio da titularidade dun camiño en Seráns (San Pedro de Muro).

#### **5.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNES.**

\*\*\*\*



## **1. APROBACIÓN DE ACTAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente á sesión extraordinaria do 31 maio de 2018.

## **2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os



apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

**10/** De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

**11/** No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**12/** Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: *“dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*

**13/** Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

## **2.1) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 16/2018**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D<sup>a</sup>. L \*\* solicitou en data 05/02/2018 (r.e. 701) licenza municipal para **“construción de vivenda unifamiliar illada”** situada no lugar de Outeiro Rubio- A Telleira- Miñortos, coa referencia catastral 15072A001035930000PM, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. F\*\*\* (visado COAG nº 1706583.2 de 09/11/17; 1706583.3 de 30/04/2018; 1706583.7 de 08/06/2018).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **16/2018** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 15/06/2018 e o informe de Secretaría de data 21/06/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a D<sup>a</sup>. L\*\* a licenza municipal para **“construción de vivenda unifamiliar illada”** no lugar de Outeiro Rubio- A Telleira – Miñortos, coa referencia catastral 15072A001035930000PM, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. F\*\* (visado COAG nº 1706583.2 de 09/11/17; 1706583.3 de 30/04/2018; 1706583.7 de 08/06/2018), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

### **Clasificación urbanística do solo:**



Segundo o plano nº Serie O-3, folla 3-R do PXOM, a parcela na que se proxecta a edificación está clasificada como **Solo de núcleo rural de tipo básico Común de grao 2.**

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto c) establece que *Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

LSG, Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

*Quedan derogados a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; a Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; o artigo 13 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; a disposición adicional segunda da Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión; e a disposición adicional sexta da Lei 14/2009, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, así como cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ao disposto nesta lei.*

### **Condições de ordenación da edificación en solo de Núcleo Rural Común de Grao 2:**

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Fronte de parcela	9m	21,00m
Superficie de parcela	600m <sup>2</sup>	1.028m <sup>2</sup>
Edificabilidade	0,35m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,071 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Superficie máxima para uso principal	300 m <sup>2</sup>	73,80m <sup>2</sup>
Ocupación	40%	3,59%
Liña de edificación	≥ 4m dende aliñación	4,00m
Aliñación	s/plano	s/ plano
Recuado a lindeiros	3m	3,00m
Altura máxima sobre rasante	7m	6,04m
Altura máxima permitida	8m	6,04m
Altura máxima do cumio	3,60	Cuberta plana
Pendente máxima da cuberta	35º	Cuberta plana
Superficie de cesión	Segundo aliñación	Non procede
Uso	Residencial Categoría 1ª: vivenda unifamiliar	Vivenda unifamiliar
Tipoloxía	Exenta ou apareada	Exenta

Non procede, salvo erro ou omisión involuntaria, aportar autorizacións sectoriais. A parcela está afectada pola servidume de protección do DPMT, pero a edificación sitúase fóra desta franxa de servidume, segundo proxecto.



### Condições particulares:

- As obras axustaranse ao proxecto básico e de execución para construción de vivenda unifamiliar illada asinado polo arquitecto F\*\*\*, Colexiado nº1.969, visado co nº 1706583 en data 30.04.2018, modificado polos planos visados nº 1706583 de data 08.06.2018 (S02R, D02R).
- O servizo de abastecemento de auga e saneamento resólvese por medios individuais, que se deberán axustar ao contido no proxecto, e na autorización de Augas de Galicia que se aporta.
- O servizo de abastecemento de auga será mediante conexión á rede de abastecemento pública, polo que deberá asinar compromiso de conexión á mesma.
- O servizo de saneamento resólvese por medios individuais mediante fosa séptica impermeable e estanca no interior da parcela fóra da zona de servidume de DPMT.
- No caso que durante a execución das obras prodúzanse danos na vía pública, esta repoñeráse ao estado no que estaba antes do inicio das mesmas.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de salubridade, seguridade e medioambientais de aplicación.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada	100,46 €	
40.184,10 euros	2%	803,68 euros	Taxa definitiva	100,46 €	803,68 euros
			<b>Liquidación</b>	<b>00,00 €</b>	

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

## **2.2) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 152/2011**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada por resolución da Alcaldía- Presidencia nº 195 de data de 22/06/2011.



Vista a instancia presentada por D<sup>a</sup>. S<sup>\*\*\*</sup>, con rexistro de entrada nº 7718 de data de 14/12/2017, solicitando a concesión dunha prórroga no prazo de inicio da obra de construción dunha vivenda unifamiliar pola Xunta de Goberno Local o 05/01/2012 (expte. 152/2011).

Visto o informe dos servizos técnicos municipais de data 05/06/2018 no que se informa favorablemente a solicitude de prórroga presentada, coa condición de que a edificación se remate exteriormente.

Considerando que o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), sinala que *“no acto de outorgamento da licenza de edificación se determinarán os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas. No seu defecto o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses”*.

*2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”*.

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a D<sup>a</sup>. S<sup>\*\*\*\*</sup> Vila unha prórroga de seis meses para o inicio das obras autorizadas o 05/01/2012 pola Xunta de Goberno Local (expte. 152/2011), condicionada expresamente a que a edificación estea rematada exteriormente.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicable.”

### **2.3) INICIO DE PROCEDIMENTO PARA A DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA URBANÍSTICA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D<sup>a</sup>. C<sup>\*\*</sup> presentou unha instancia o 01/06/2018 (r.e. nº 3208) solicitando a declaración de caducidade de licenza correspondente á licenza de obra outorgada mediante resolución de Alcaldía nº 37 do 12/07/1993 para a **“construción dun galpón de 8x9 m. para gardar todas clase de aparellos”** no lugar de Pedregal – Nebra, con referencia catastral 15072A50202150.

Visto o informe dos servizos técnicos municipais de data 06/06/2018, no que se fai constar: *“(…) consta neste concello a documentación remitida pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) referida ao expediente de reposición da legalidade (COR/29472016) pola construción dunha edificación con tipoloxía de vivenda unifamiliar de planta baixa e baixo cuberta, cunha superficie total de 206 m2, situado na parcela onde se otorgou licenza a Dona C<sup>\*\*</sup> para a construción de galpón.*

*Ademais da construción obxecto de expediente de reposición da legalidade mencionado no parágrafo anterior, non existe outra edificación na parcela, polo que o galpón obxecto da licenza non foi iniciado nin rematado.*

*Transcorridos os prazos para o inicio e remate das obras, sen que se tivera iniciado a edificación licenciada, así como solicitado por parte da interesada que se declare a caducidade da citada*



*licenza, na opinión da técnico que subscribe, procede iniciar o procedemento de declaración de caducidade solicitado, sen prexuízo do relativo ao expediente de reposición da legalidade iniciado pola APLU con respecto á edificación en construción existente na parcela.*

Considerando que artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), sinala que “no acto de outorgamento da licenza de edificación se determinarán os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas. No seu defecto o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses”.

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Iniciar o procedemento para declarar a caducidade da licenza de obras outorgada mediante resolución de Alcaldía nº 37 do 12/07/1993 para a “**construción dun galpón de 8x9 m. para gardar todas clase de aparellos**” no lugar de Pedregal – Nebra, con referencia catastral 15072A50202150.

**SEGUNDO.-** Outorgar ao interesado trámite de audiencia por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para que poida formular as alegacións e presentar os xustificantes que estime pertinentes ao seu dereito.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente resolución ao interesado co réxime de recursos aplicables.”

#### **2.4) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.**

##### **2.4.1- Expediente nº 86/2016.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup>. R\*\*\*\* o 03/05/2016 (r.e 2627) para realizar obras de “**apertura de ocos en cuberta e fachada de edificación existente**” na vivenda situada nas Laxes, 1 – Noal, coa referencia catastral 0911007NH0301S000100.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

<b>Base imponible ICIO (Orzamento execución material)</b>	<b>Tipo de gravame ICIO</b>	<b>Cota tributaria ICIO</b>
8.820,00 euros	2%	<b>176,40 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.



**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.2- Expediente nº 262/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J\*\* o 24/11/2017 (r.e. 7269) para realizar obras de “**apertura de portal, encintado de parede e colocación de tella sobre fibrocemento**” na vivenda situada na Rúa Rosalía de Castro, s/n Porto do Son, coa referencia catastral 9605302MH9390S0001PI.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.987,00 euros	2%	<b>79,74 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.3- Expediente nº 57/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup>. F\*\* o 17/04/2018 (r.e. 2250) para realizar obras de “**construción dun muro de contención de pedra**” na parcela situada no lugar de Caamaño, coa referencia catastral 15072A02900270000PY.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
6.000,00 euros	2%	<b>120,00 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a





correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.4- Expediente nº 88/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade de Propietarios do Edificio Atalaia o 11/05/2018 (r.e. 2793) para realizar obras de “**apertura de seis rebosadeiros en canal do edificio**” situado na rúa Atalaia, 76 – Porto do Son, coa referencia catastral 9604001MH9390S.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
798,00 euros	2%	<b>30,05 euros (mínimo)</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.5- Expediente nº 89/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J\*\* o 14/05/2018 (r.e. 2867) para realizar obras de “**reforma de local para continuidade de actividade en funcionamento**” situado na rúa Nova, 11 – Porto do Son, coa referencia catastral 9704001MH9390S0000ZU.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
15.440,00 euros	2%	<b>308,80 euros</b>



**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.6- Expediente nº 90/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. G\*\* o 15/05/2018 (r.e. 2872) para realizar obras de “**substitución de tella de cuberta**” na vivenda situada en Montemuiño, 8 – Baroña, coa referencia catastral 002101600NH02G0001OU.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.050,00 euros	2%	<b>61,00 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.7- Expediente nº 91/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. F\*\* o 16/05/2018 (r.e. 2909) para realizar obras de “**cambio de ventás e pintura da fachada**” da vivenda situada no lugar de Tarrio, 64 – Queiruga, coa referencia catastral 7745105MH9274N0001BO.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:



Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
5.368,00 euros	2%	<b>107,36 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### **2.4.8- Expediente nº 93/2018.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade de Propietarios Xesteira 5 o 16/05/2018 (r.e. 2913) para realizar obras de “**reparación de fachada**” do edificio situado na rúa David Mariño, 21- Portosín, coa referencia catastral 4745501NH0344S.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
38.912,00 euros	2%	<b>778,24 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### **3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

#### **3.1) TRÁMITE DE AUDIENCIA EN PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**



“Visto que a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada mediante o decreto da Alcaldía- Presidencia nº 406/2015, do 18 de xuño.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local do 05/04/2018 se resolveu iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística a D. A\*\* polas obras de construción dunha nave destinada a almacén sen autorización municipal, na parcela situada no lugar de Carrapatal, 37 – Xuño, con referencia catastral 001802700MH92B0001SO. No mesmo acordo, resolveuse declarar a conservación dos actos e trámites realizados no procedemento de reposición da legalidade urbanística declarado caducado por acordo da mesma Xunta de Goberno Local.

Visto que o anterior acordo se lle notificou ao promotor das obras o 17/04/2018 e consta a recepción o 20/04/2018.

Considerando que, segundo dispón o art. 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) antes da resolución do expediente se dará audiencia ao interesado.

#### **ACORDA:**

Outorgar aos interesados trámite de audiencia, por un prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao de recepción da notificación deste acordo, a fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes ao seu dereito.”

## **4. PATRIMONIO MUNICIPAL.**

### **4.1) ARQUIVO DE PROCEDEMENTO DE POSESIÓN INDEBIDA SOBRE UN ESPAZO PÚBLICO.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 02/02/2018 no que se inicia o procedemento para a recuperación da posesión indebidamente perdida sobre o camiño público de titularidade municipal que discorre entre as parcelas 350 e 356 da concentración parcelaria de Nebra (Porto do Son), pechado por D.J\*\*.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en data 05/04/2018, requiriu a D. J\*\* para que no prazo de oito días cesase na posesión sobre o camiño público, séndolle notificado o acordo o 19/04/2018.

Visto que a Policía Local emitiu informe o 13/06/2018 indicando que “...*persoado no lugar de Xosín- Nebra, o día 13 de xuño de 2018, púidose comprobar que o camiño que fora pechado por J\*\* , de Xosín nº 1, segundo informe da Policía Local nº 012/2018 de 23 de xaneiro de 2018, xa está aberto...*”

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Proceder ao arquivo do procedemento de recuperación de posesión indebidamente perdida sobre o camiño público de titularidade municipal que discorre entre as parcelas 350 e 356 da concentración parcelaria de Nebra (Porto do Son), por terse cumprido o requirimento municipal.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.”



#### **4.2) RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE INVESTIGACIÓN DE OFICIO DA TITULARIDADE DUN CAMIÑO NO BARRENTO (CAAMAÑO).**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

##### **“ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** D. J\*\* presentou en data 16/05/2017 comunicación previa de obra para “construción dun muro peche entre dúas parcelas de 5 m de longo x 1,5 m de altura” na parcela situada no lugar de O Barrento, 34 (Caamaño).

**Segundo.-** O 16/05/2017 D. A\*\* presentou no concello un escrito indicando que o día anterior D. J\*\*\* iniciara a execución dunha obra obstruíndo un camiño peonil do que é lindeiro, solicitando a retirada de escombros e reposición do camiño ao seu estado anterior.

Coa súa instancia, o interesado achega a seguinte documentación:

- copia dun cupo de herdanza, no que figura descrita unha finca nomeada “Bota de Arriba”, que linda polo leste con “*camiño peonil e baldío*”.
- copia dunha sentenza do Xulgado de Distrito de Noia do 08/10/1979, recaída nun xuízo de faltas, na que se fai constar nos antecedentes que “*o Concello de Porto do Son requiriu a J\*\*\* a fin de que derribase un muro que interceptaba un camiño; que en cumprimento de tal requirimento J\*\*\*\* procedeu ao derribo de parte de dito muro*”.

**Terceiro.-** A Policía Local, previa denuncia, xirou visita de inspección ao lugar e emitiu informe o 18/12/2017 indicando:

- que se puido comprobar que había un muro construído e que se estaba facendo un recheo entre o muro e a finca de D. J\*\*\*\*.
- o promotor das obras é D. J\*\*\*\*, quen presenta copia da comunicación previa de obra menor nº 88/2017 para “muro de contención entre dúas fincas, de pedra e formigón, cunha superficie de 5 X 1,5 metros”, rexistrada de entrada o 16/05/2017.
- o denunciante manifestou que, onde se está a facer o muro e o recheo, hai un camiño de pé, mentres que o Sr. M\* manifesta que non hai camiño ningún e que o terreo pertence á súa finca.

**Cuarto.-** A Sra. arquitecta municipal emite informe o 08/01/2018 en relación coa posible existencia dunha vía de titularidade municipal entre as parcelas catastrais 7428807MH9272N (polo linde suroeste) e 15072A02900884 e 15072A02900883 (as dúas polo linde norleste) facendo constar, en síntese:

- o planeamento municipal non establece aliñación de viario no lugar obxecto de discrepancia.
- a cartografía do Catastro non representa viario nesa zona.
- o escrito presentado polo Sr. PM o 16/05/2017 achega unha fotocopia dun cupo de herdanza no que se describe a finca chamada “Bota de Arriba”, que linda ao leste con camiño peonil e baldío. As fincas 15072A02900884 e 15072A02900883 teñen a denominación de “Botas” no Catastro pero na cartografía catastral non lindan con viario público.



- xirada visita de inspección, obsérvase que hai dúas fincas a distinto nivel; na situada no nivel inferior hai en parte un muro de contención e un muro de pedra e o espazo existente entre ese muro e os terreos do nivel superior están enchéndose de terra. A partires do final do muro do nivel inferior non se observa na actualidade continuidade dun posible camiño.
- o Concello de Porto do Son non dispón de inventario de vías municipais, polo que a técnico non pode determinar a existencia ou non dun viario de titularidade municipal.

**Quinto.-** A Alcaldía dita o decreto nº 29/2018, do 18 de xaneiro, ordenando a inmediata paralización das obras promovidas por D. F\*\* por ser susceptibles de estar invadindo un camiño.

**Sexto.-** A Xunta de Goberno Local, en data 02/02/2018, acordou iniciar un procedemento de investigación da titularidade do camiño referido por poder ser de titularidade municipal.

O acordo de inicio do procedemento publicouse no BOP da Coruña nº 42 do 01/03/2018 e no taboleiro de anuncios do concello, comunicouse á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e notificouse a todos os interesados no procedemento que eran coñecidos.

**Sétimo.-** Durante o prazo de información pública, o 21/03/2018 (r.e. nº 1.727), D. C\*\* presentou escrito alegando, en síntese:

- A finca con referencia catastral 15072A02900883, nomeada “Bota de Arriba”, foi adquirida a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> \*\*\* e, no título de adquisición desta, indícase que a finca linda polo leste con “camiño peonil e baldío”.
- Figura no expediente copia dunha sentenza de data 08/10/1979 do Xulgado de Distrito de Noia pola que se condena a D. J\*\*\* por unha falta de danos, figurando na indicada resolución como “feito probado” que “(...) parece acreditado que a virtude de denuncia presentada por C\*\*, o Concello de Porto do Son requiriu a J\*\*\* a fin de que derribase un muro que interceptaba un camiño (...)”.
- Achégase declaración de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> \*\*\*\* afirmando que entre a propiedade do Sr. M\* e a finca “Botas” sempre houbo un camiño de pés, que no cupo no que se lle adxudica a finca se describe o paso e que o Sr. M\* tentou apoderarse do camiño no ano 1979 construíndo un muro que os xuíces lle obrigaron a derribar.
- Achégase copia do título de adquisición por D. C\*\* da finca nomeada “Bota de Arriba”, na que se describen os seguintes lindeiros: Norte, J\*\* e máis do comprador; Sur, herdeiros de R\* ; Leste, camiño peonil e baldío; Oeste, R\*.
- Achégase copia do título de adquisición por D. J\*\* da finca nomeada “Leira da bota”, na que se describen os seguintes lindeiros: Norte, muro e ignorado; Sur, V\*; Leste, herdeiros de J\*\* ; Oeste, M\*\*.
- Identifícanse a dúas persoas que poderían testemuñar a existencia do camiño.

**Oitavo.-** As Administracións da Comunidade Autónoma de Galicia e do Estado comunicaron o 19 e 26 de abril, respectivamente, que o ben ao que se refire o procedemento non constaba asentado nos seus inventarios.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO



**Primeiro.-** O art. 41 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas confírelle ás Administracións Públicas a prerrogativa de investigar a situación dos bens e dereitos que presumiblemente pertencen ao seu patrimonio.

**Segundo.-** Nos arts. 45 e seguintes do RD 1372/1986, do 13 de xuño, aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais regúlase o procedemento para o exercicio da potestade de investigación dos bens e dereitos que as Corporacións locais presuman da súa propiedade.

**Terceiro.-** O 20/06/2018 a Secretaría municipal emitiu informe, que se incorpora como fundamento a esta resolución, coas seguintes consideracións xurídicas e conclusións:

*“Primeira.- O art. 79.2 LBRL sinala que “os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais”. Bens de dominio público son os destinados a un uso ou servizo público (art. 79.3 LBRL; art. 263.2 a) LALGA) e máis aqueles aos que unha lei lles outorgue expresamente ese carácter (art. 5.1 LPAP); pola contra, bens patrimoniais son os que non teñen o carácter de demaniais (art. 7.1 LPAP) e “poidan constituír fontes de ingresos para o erario da entidade” (art. 267.1 LALGA).*

*A diferenciación entre os dous tipos de bens resulta transcendental en tanto que determina uns diferentes réximes xurídicos e os reviste dunhas notas distintivas. Así:*

a) *Bens demaniais: réxense polas leis e disposicións especiais que lles sexan de aplicación, no seu defecto pola LPAP e normas que a desenvolvan ou complementen e, supletoriamente, aplicaráselle as xerais do dereito administrativo e o dereito privado (art. 5.4 LPAP).*

*Son bens inalienables, inembargables e imprescriptibles (art. 80.1 LBRL; art. 6 LPAP; art. 5 RBEL).*

b) *Bens patrimoniais: os bens patrimoniais das Entidades Locais galegas réxense pola súa lexislación específica e, se non, polas normas de dereito privado (art. 267.2 LALGA).*

*A distinción entre os dous tipos de bens é fundamental para a análise do suposto, pois unha ou outra natureza determina que a Administración poida facer uso dunhas determinadas prerrogativas, como se vai expor a continuación.*

**Segunda.-** *As Administracións Públicas teñen a obriga legal de protexer e defender o seu patrimonio, procurando a súa inscrición rexistral e exercendo as potestades administrativas e xudiciais procedentes (art. 28 LPAP). Como corolario desas obrigas, o art. 29 LPAP imponse aos titulares dos órganos que teñan ao seu cargo bens ou dereitos a obriga de velar pola súa defensa e custodia nos termos que a propia lei desenvolve máis adiante e que deseguido se exporán. O deber de defensa do patrimonio vén explicitado para as Entidades Locais no art. 68 LBRL.*

*A lei atribúelle ás Administracións Públicas unha serie de facultades e prerrogativas para a defensa dos seus bens (arts. 41 LPAP e 280 LALGA) e, entre elas, as de “investigar a situación dos bens e dereitos que presumiblemente pertencen ao seu patrimonio”*

*Esta facultade só pode exercerse respecto dos bens propios e para a súa protección, e ten por finalidade “adoptar as medidas tendentes á efectividade dos dereitos” (artigo 53 RBEL). Coa investigación preténdese concretar a titularidade do ben do que o Concello careza de titulación, aínda que haxa base para presumir a titularidade municipal. En resumo, a investigación serve para que a Administración determine a titularidade dos bens e dereitos cando non lle conste de modo certo (artigo 45 da LPAP).*

*O artigo 41.3 da LPAP, precepto básico, establece unha limitación ao exercicio desta facultade: as entidades públicas empresariais dependentes ou vinculadas das Administracións Públicas e as entidades semellantes non poderán exercer esta facultade para a defensa daqueles bens que non teñan carácter demanial. Isto é, as potestades administrativas respecto de toda clase de bens unicamente poden utilizarse polas Administracións Públicas territoriais, como é o caso da Administración Municipal.*



**Terceira.-** *O exercicio da prerrogativa de investigación da titularidade de bens require, conforme ao disposto no art. 41 LPAP (precepto básico):*

- *Unha presunción a favor de que o ben ou dereito investigado forma parte do patrimonio da entidade.*
- *Que a titularidade do ben non conste de forma certa ou exista certa controversia nos títulos de dominio*

*O procedemento de exercicio da potestade de investigación contéplase nos arts. 47 e 48 LPAP mais, por non ser preceptos básicos, deberá aplicarse o previsto nos arts. 49 a 53 RBEL.*

*Conforme ao disposto polo art. 51 RBEL, concluído o prazo dun mes para a presentación de alegacións regulado no art. 50 RBEL, abrírase un período de proba, no cal serán admisibles os seguintes elementos:*

- *Documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados con arranxo a dereito.*
- *O recoñecemento e ditame pericial.*
- *A declaración de testemuñas.*

*Achegados diversos medios de proba polos interesados, é necesario proceder á súa avaliación:*

- 1) *Escrituras de propiedade: segundo a escritura de compravenda da finca “Bota de arriba” de data 14/10/2016, a parcela linda: Norte, J\*\* e máis do comprador; Sur, herdeiros de R\*; Leste, camiño peonil e baldío; Oeste, R\*. Na escritura de adquisición por D. J\*\* da finca “Leira da bota”, figuran os seguintes lindeiros: Norte, muro e ignorado; Sur, V\*; Leste, herdeiros de J\*\*; Oeste, M\*\*.*

*A única mención clara ao camiño é que na que se menciona un “camiño peonil” como linde Leste da leira “Bota de arriba”, pero non se indica que sexa de titularidade ou uso público. Máis ben semella que se está a referir aos tradicionalmente denominados “camiños de pés”, que veñen a ser servidumes de paso a pé para o servizo das fincas lindadeiras á gravada con esa carga.*

- 2) *Sentenza do Xulgado de Distrito de Noia do 08/10/1979: na resolución xudicial menciónase que o Sr. M\* foi requirido polo Concello de Porto do Son para que derrubase un muro que interceptaba un camiño.*

*Do mesmo xeito que no suposto anterior, non se fai mención ningunha á titularidade do camiño. Cómpre ter en conta, así mesmo, que se trata dunha resolución recaída nun procedemento penal e que o seu obxecto era o de dilucidar a comisión dun delito ou falta de danos e responsabilidade penal do denunciado, non a propiedade ou carácter do camiño.*

- 3) *Declaración de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> \*\*\*: a declaración deixa constancia que entre a parcela propiedade de D. J\*\*\* e a finca “Botas” sempre houbo un camiño de pés.*

*A declaración, se ben reforza a convicción da existencia dun camiño para o paso a pé no lugar dos feitos, non ofrece elementos probatorios para extraer a conclusión de que fose de titularidade ou uso públicos.*

*A maiores dos elementos probatorios achegados polos interesados, a Sra. arquitecta municipal emitiu informe o 08/01/2018, no que se indica:*

- *o planeamento municipal non establece aliñación de viario no lugar obxecto de discrepancia.*
- *A cartografía do Catastro non representa viario nesa zona.*
- *O escrito presentado polo Sr. Pérez Moares o 16/05/2017 achega unha fotocopia dun cupo de herdanza no que se describe a finca chamada “Bota de Arriba”, que linda ao leste con camiño peonil e baldío. As fincas 15072A02900884 e 15072A02900883 teñen a denominación de “Botas” no Catastro pero na cartografía catastral non lindan con viario público.*





- *Xirada visita de inspección, obsérvase que hai dúas fincas a distinto nivel; na situada no nivel inferior hai en parte un muro de contención e un muro de pedra e o espazo existente entre ese muro e os terreos do nivel superior están enchéndose de terra. A partires do final do muro do nivel inferior non se observa na actualidade continuidade dun posible camiño.*
- *O Concello de Porto do Son non dispón de inventario de vías municipais, polo que a técnico non pode determinar a existencia ou non dun viario de titularidade municipal.*

*Finalmente, obtivéronse do Centro Nacional de Información Geográfica fotografías aéreas da zona correspondentes aos voos realizados en 1956 e no período comprendido entre 1973 e 1986, non aparecendo en ningunha delas traza ou indicio de camiño ou vía.*

*A xurisprudencia deixou sentado que para que a Administración poida declarar a titularidade pública dun ben por si mesma, a través do exercicio da potestade exorbitante de investigación e sen acudir aos tribunais civís (únicos competentes para determinar a titularidade dos bens), “(...) ten que quedar un acabado convencemento de que o camiño existe ou existiu cunhas características certas, que ten un trazado determinado e igualmente coñecido e que tivo un uso público. Todo o que non sexa dispor destas certezas, vai exceder o ámbito propio desta xurisdición para invadir o campo da Xurisdición Civil” (STSX de Castela A Mancha do 19/06/2006).*

*Do exame dos elementos de proba poden extraerse as seguintes conclusións:*

- a) Enténdese acreditada a existencia dun “camiño de pés” que discorrería entre o linde suroeste da parcela catastral 7428807MH9272N e os lindes norleste das parcelas catastrais 15072A02900884 e 15072A02900883.*
- b) Non se acredita a titularidade pública municipal do camiño citado, pois nin os títulos de propiedade nin a declaración da Sra. A\* nin a sentenza do 08/10/1979 especifican se o camiño é público ou privado (servidume de paso).*

*Os elementos de proba dispoñibles inclinan a esta Secretaría a considerar que a vía controvertida sería máis ben unha servidume de paso que recae sobre parcelas de titularidade privada, correspondéndolle aos tribunais da orde civil dilucidar as controversias que sobre a súa vixencia e perturbacións puidesen suscitarse, como semella ser o caso.*

## **CONCLUSIÓNS**

*Polos motivos expostos nas consideracións xurídicas que anteceden, non pode entenderse acreditada a titularidade pública municipal do camiño que discorrería entre o linde suroeste da parcela catastral 7428807MH9272N e os lindes norleste das parcelas catastrais 15072A02900884 e 15072A02900883.*

*Todo iso sen prexuízo de que existindo unha servidume de paso, como semella que acontece, os interesados poidan exercitar as accións que consideren oportuno perante os tribunais da orde civil.*

*Este é o meu informe sen prexuízo doutro criterio superior en Dereito.”*

Visto canto antecede, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Resolver o procedemento de investigación da titularidade dun camiño que estaría situado no lugar do Barrento (Caamaño), discorrendo entre o linde suroeste da parcela catastral 7428807MH9272N e os lindes norleste das parcelas catastrais 15072A02900884 e 15072A02900883 declarando que non se acreditou a titularidade municipal.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.”



### **4.3) RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE INVESTIGACIÓN DE OFICIO DA TITULARIDADE DUN CAMIÑO EN SERÁNS (SAN PEDRO DE MURO).**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

#### **“ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 16/06/2017 requiriuse a D. M\*\* a achega dos títulos xurídicos que fundamentaban a ocupación pola súa parte dun camiño existente no lugar de Seráns (San Pedro de Moro) e que puidera ser de titularidade municipal.

**Segundo.-** O 06/07/2017 o Sr. S\* presentou no concello un escrito no que, en esencia, indicaba que o camiño é propiedade de D<sup>a</sup>. J\*\* e do seu marido D. J\*\*\*\*, en virtude da compra efectuada a D. T\*\* o 28/02/2012. Á súa vez, este último adquirira a propiedade por compra en documento privado a D<sup>a</sup>. M\*\*.

Co seu escrito achegaba copia dos contratos de compravenda, das liquidacións do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e dunha nota simple da parcela a que se referían os contratos de compravenda.

**Terceiro.-** D. M\*\* presentou un novo escrito o 10/10/2017 co que achegaba copia dunha acta notarial de presenza e protocolización de documentos relativa aos documentos presentados no concello e á comprobación “*in situ*” do camiño.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local, en data 02/02/2018, acordou iniciar un procedemento de investigación da titularidade do camiño referido por poder ser de titularidade municipal.

O acordo de inicio do procedemento publicouse no BOP da Coruña nº 42 do 01/03/2018 e no taboleiro de anuncios do concello, comunicouse á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e notificouse a todos os interesados no procedemento que eran coñecidos.

**Quinto.-** O 23/04/2018 (r.e. nº 2.347) D. J\*\* presentou escrito co que achegaba a seguinte documentación:

- Contrato en escritura privada de data 25/08/1978, de compravenda da finca nomeada “Ramil”, cos seguintes lindeiros: Norte, “*despois dun camiño de servidume para esta finca e outra inmediata, outras propiedades de M\*\* e herdeiros de M\*\**”; Sur, M<sup>a</sup>. \*\* ; Leste, camiño veciñal; Oeste, J\*\* .
- Contrato en escritura privada de data 09/05/1976, polo que D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. \*\* lle vende a D. T\*\* unha franxa de terreo de 4 metros de largura, desde o muro lindeiro con D<sup>a</sup>. P, para acceso á vivenda do Sr. M\* , quedando o terreo que se vende gravado cun dereito “*ao servizo*” a favor da vendedora.

**Sexto.-** O 26/04/2018 (r.e. nº 2.470), D. M\* , D<sup>a</sup>. J\* e D. J\*\*\* presentaron escrito alegando, en síntese:

- Ratifican o manifestado no escrito presentado por D. M\*\* o 30/06/2017 e D<sup>a</sup>. J\*\* e D. J\*\*\* o 04/10/2017 que, en resume, é o seguinte:
  - D. T\*\* mercoulle a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. \*\* unha franxa de terreo de 4 metros de largura para acceso á súa vivenda. A construción do referido acceso foi autorizada por licenza municipal do 11/08/1976.



- O 28/02/2012 D. T\*\* vendeulle a D. J\*\*\* e á súa esposa a franxa de terreo de 4 metros de largura que lle mercara a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. \*\* e que é a vía de acceso para a vivenda adquirida por D<sup>a</sup>. J\*\* e D. J\*\*\*.
- O camiño é propiedade de D<sup>a</sup>. J\* e D. J\*\*\*\* por compra a D. T\*\*.
- Achégase informe pericial do enxeñeiro técnico agrícola D. G\*\*, de data 12/04/2018, no que se fai constar que o camiño é unha vía de servizo que “*vén sendo utilizada para acceder tanto á finca de Don M\*\* como á finca propiedade de Dona J\*\* e do seu cónxuxe Don J\*\*\**”.

**Sétimo.-** As Administracións da Comunidade Autónoma de Galicia e do Estado comunicaron o 19 e 26 de abril, respectivamente, que o ben ao que se refire o procedemento non constaba asentado nos seus inventarios.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O art. 41 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas confírelle ás Administracións Públicas a prerrogativa de investigar a situación dos bens e dereitos que presumiblemente pertencen ao seu patrimonio.

**Segundo.-** Nos arts. 45 e seguintes do RD 1372/1986, do 13 de xuño, aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais regúlase o procedemento para o exercicio da potestade de investigación dos bens e dereitos que as Corporacións locais presuman da súa propiedade.

**Terceiro.-** O 20/06/2018 a Secretaría municipal emitiu informe, que se incorpora como fundamento a esta resolución, coas seguintes consideracións xurídicas e conclusións:

*“Primeira.- O art. 79.2 LBRL sinala que “os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais”. Bens de dominio público son os destinados a un uso ou servizo público (art. 79.3 LBRL; art. 263.2 a) LALGA) e máis aqueles aos que unha lei lles outorgue expresamente ese carácter (art. 5.1 LPAP); pola contra, bens patrimoniais son os que non teñen o carácter de demaniais (art. 7.1 LPAP) e “poidan constituír fontes de ingresos para o erario da entidade” (art. 267.1 LALGA).*

*A diferenciación entre os dous tipos de bens resulta transcendental en tanto que determina uns diferentes réximes xurídicos e os reviste dunhas notas distintivas. Así:*

- c) *Bens demaniais: réxense polas leis e disposicións especiais que lles sexan de aplicación, no seu defecto pola LPAP e normas que a desenvolvan ou complementen e, supletoriamente, aplicaráselle as xerais do dereito administrativo e o dereito privado (art. 5.4 LPAP).*

*Son bens inalienables, inembargables e imprescriptibles (art. 80.1 LBRL; art. 6 LPAP; art. 5 RBEL).*

- d) *Bens patrimoniais: os bens patrimoniais das Entidades Locais galegas réxense pola súa lexislación específica e, se non, polas normas de dereito privado (art. 267.2 LALGA).*

*A distinción entre os dous tipos de bens é fundamental para a análise do suposto, pois unha ou outra natureza determina que a Administración poida facer uso dunhas determinadas prerrogativas, como se vai expor a continuación.*

**Segunda.-** *As Administracións Públicas teñen a obriga legal de protexer e defender o seu patrimonio, procurando a súa inscrición rexistral e exercendo as potestades administrativas e xudiciais procedentes (art. 28 LPAP). Como corolario desas obrigas, o art. 29 LPAP imponlles aos titulares dos órganos que teñan ao seu cargo bens ou dereitos a obriga de velar pola súa defensa e custodia nos termos que a propia*



*lei desenvolve máis adiante e que deseguido se exporán. O deber de defensa do patrimonio vén explicitado para as Entidades Locais no art. 68 LBRL.*

*A lei atribúelle ás Administracións Públicas unha serie de facultades e prerrogativas para a defensa dos seus bens (arts. 41 LPAP e 280 LALGA) e, entre elas, as de “investigar a situación dos bens e dereitos que presumiblemente pertencen ao seu patrimonio”*

*Esta facultade só pode exercerse respecto dos bens propios e para a súa protección, e ten por finalidade “adoptar as medidas tendentes á efectividade dos dereitos” (artigo 53 RBEL). Coa investigación preténdese concretar a titularidade do ben do que o Concello careza de titulación, aínda que haxa base para presumir a titularidade municipal. En resumo, a investigación serve para que a Administración determine a titularidade dos bens e dereitos cando non lle conste de modo certo (artigo 45 da LPAP).*

*O artigo 41.3 da LPAP, precepto básico, establece unha limitación ao exercicio desta facultade: as entidades públicas empresariais dependentes ou vinculadas das Administracións Públicas e as entidades semellantes non poderán exercer esta facultade para a defensa daqueles bens que non teñan carácter demanial. Isto é, as potestades administrativas respecto de toda clase de bens unicamente poden utilizarse polas Administracións Públicas territoriais, como é o caso da Administración Municipal.*

**Terceira.-** *O exercicio da prerrogativa de investigación da titularidade de bens require, conforme ao disposto no art. 41 LPAP (precepto básico):*

- Unha presunción a favor de que o ben ou dereito investigado forma parte do patrimonio da entidade.*
- Que a titularidade do ben non conste de forma certa ou exista certa controversia nos títulos de dominio*

*O procedemento de exercicio da potestade de investigación contéplase nos arts. 47 e 48 LPAP mais, por non ser preceptos básicos, deberá aplicarse o previsto nos arts. 49 a 53 RBEL.*

*Conforme ao disposto polo art. 51 RBEL, concluído o prazo dun mes para a presentación de alegacións regulado no art. 50 RBEL, abrírase un período de proba, no cal serán admisibles os seguintes elementos:*

- Documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados con arranxo a dereito.*
- O recoñecemento e ditame pericial.*
- A declaración de testemuñas.*

*A xurisprudencia deixou sentado que para que a Administración poida declarar a titularidade pública dun ben por si mesma, a través do exercicio da potestade exorbitante de investigación e sen acudir aos tribunais civís (únicos competentes para determinar a titularidade dos bens), “(...) ten que quedar un acabado convencemento de que o camiño existe ou existiu cunhas características certas, que ten un trazado determinado e igualmente coñecido e que tivo un uso público. Todo o que non sexa dispor destas certezas, vai exceder o ámbito propio desta xurisdición para invadir o campo da Xurisdición Civil” (STSX de Castela A Mancha do 19/06/2006).*

*Examinados os elementos probatorios achegados polos interesados, ponse de manifesto nos títulos de propiedade máis antigos (contratos de compravenda concertados entre D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Paz Romay e D. Tomás Milia Méndez o 09/05/1976 e entre D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Paz Romay e D. Juan Montemuiño Carracedo o 25/08/1978) que o camiño é unha servidume de paso a favor das fincas de particulares.*

## **CONCLUSIÓNS**

*Polos motivos expostos nas consideracións xurídicas que anteceden, non se acredita a titularidade pública municipal do camiño que discorrería entre a parcela catastral 15072A033009700001AP e a parcela catastral 002201100MH91H0001GM.*

*Este é o meu informe sen prexuízo doutro criterio superior en Dereito.”*



Visto canto antecede, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Resolver o procedemento de investigación da titularidade dun camiño que estaría situado no lugar de Seráns (San Pedro de Muro), discorrendo entre a parcela catastral 15072A033009700001AP e a parcela catastral 002201100MH91H0001GM, declarando que non se acreditou a titularidade municipal.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.”

## **5. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.**

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **14:00 horas**, do día **22 de xuño de 2018**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO,

Asdo. José Manuel González García.